



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E I-LAB CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO S.L, PARA POSIBILITAR O DESPRAZAMENTO DE ALUMNADO DISCAPACITADO A CENTROS EDUCATIVOS RADICADOS NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, D. Román Rodríguez González actuando no nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de conformidade co disposto no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra, D. Francisco Javier Mouriño Grandío que actúa no nome e representación de I-Lab Centro Especial de Empleo S.L na súa calidade de administrador da mesma, segundo consta na escritura notarial número dous mil douscentos vinte e cinco de 17/12/2015 do notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Víctor-José Peón Rama.

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o departamento autonómico que ten atribuídas as competencias en materia de xestión, control e coordinación do transporte escolar na Comunidade Autónoma de Galicia, e as exerce coa finalidade de garantir o dereito de acceso ao ensino de todos os escolares galegos.

II.- Que dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de rapaces e rapazas con distintos tipos de discapacidades que, necesitando utilizar o



XUNTA DE GALICIA


transporte escolar para asistir a clase, precisan dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades particulares.

III.- Que I-Lab Centro Especial de Empleo S.L é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a integración laboral de persoas con discapacidade en centros especiais de emprego procurando por tanto a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co obxectivo último de acadar a máxima atención social á problemática que presentan, así como lograr a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para todo o cal colabora con organismos e entidades relacionados coa problemática das persoas discapacitadas, consciente da necesidade de atención especial e individualizada que requiren estas persoas.

IV.- Que ámbalas dúas partes están interesadas na mutua colaboración a fin de facilitar a este alumnado os recursos necesarios que lles permita ser escolarizado, aínda que sufra calquera tipo de incapacidade, xa sexa permanente ou temporal, que impida o emprego do servizo de transporte escolar ordinario.

V.- Que a problemática habitual de grandes discapacidades require contar con entidades especializadas e cun amplo bagaxe de experiencia, que faciliten, non só vehículos especialmente adaptados ás doenzas, senón tamén a atención persoal e individualizada derivada do coñecemento práctico das limitacións físicas e psíquicas do alumnado e do control dos protocolos de actuación a aplicar nos casos de urxencia suscitados durante o transporte dos escolares.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L.





XUNTA DE GALICIA

ACORDAN

Asinar este convenio de colaboración para posibilitar o desprazamento de alumnado discapacitado dende os seus domicilios a centros educativos radicados na provincia da Coruña (ida e volta), así como a ou dende os centros nos que reciba tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Para tal efecto, o dito convenio rexerase polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Constitúe o obxecto deste convenio a mutua colaboración a fin de posibilitar o desprazamento do alumnado discapacitado que figura na memoria de detalle do servizo da entidade, anexa ao convenio, dende os seus domicilios a centros educativos radicados na provincia da Coruña (ida e volta) que asemade se detallan, todos eles radicados na provincia da Coruña.

Igualmente, este convenio posibilitará o seu traslado a/ou desde os centros nos que reciba tratamento rehabilitador cando o dito tratamento coincida co horario escolar.

Segunda. Para acadar este obxecto a entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L comprométese a facilitar os desprazamentos descritos na cláusula primeira deste convenio cos vehículos adaptados que resulten necesarios, nos termos sinalados na memoria de detalle do servizo e na memoria de gastos da entidade, que se xuntan como anexo deste convenio.

De conformidade co disposto na disposición adicional quinta da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, o transporte realizado considérase complemento necesario da súa actividade e conceptúase como transporte privado complementario por estar destinado a posibilitar o desprazamento de persoas con discapacidade que



XUNTA DE GALICIA


reciben coidados especializados por parte da dita entidade, ter como orixe ou destino centros educativos de ensino obrigatorio sostidos con fondos públicos e realizarse en vehículos propios da entidade de ata nove prazas, incluída a persoa condutora, especialmente adaptados para o transporte de persoas con mobilidade reducida.

Terceira. A función de acompañamento e atención do alumnado en cada desprazamento corresponde ao persoal auxiliar que a entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L se compromete a facilitar para o efecto, se ben nos vehículos poderán viaxar os coidadores daquelas persoas que, debido á súa discapacidade, precisen dun acompañamento individualizado, continuo e permanente.

Cuarta. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria compensará cada mes a entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L polos gastos derivados da súa colaboración coa cantidade global que resulte de multiplicar o 80% do custo total diario por alumno/a desprazado/a, fixado na memoria de gastos da entidade, polo número de alumnos/as de que se trate.

Igualmente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria compensará á entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L pola súa colaboración coa cantidade global que resulte de multiplicar o 80% do custo total diario de cada persoa auxiliar destinada pola entidade nos vehículos adaptados, fixado na citada memoria de gastos da entidade, polo número de persoas auxiliares de que se trate.

Quinta. As necesidades de transporte escolar do alumnado con discapacidade resultan de difícil previsión, ao tratarse dun colectivo altamente sensible ás enfermidades e outras indisposicións, tanto de carácter temporal como de índole permanente, que non asiste a clase coa regularidade coa que acude o resto do alumnado, e no que o número de incidencias en forma de incorporacións e abandonos que se suceden ao longo do curso escolar acada



XUNTA DE GALICIA

unha importancia considerable, superior aos valores rexistrados destes parámetros para o resto do alumnado.

Por esta razón, as variacións que se sucedan durante a vixencia do convenio, en forma de altas e baixas de persoas usuarias dentro do mesmo centro educativo ou nun centro educativo distinto, ou en forma de altas e baixas dos centros educativos de referencia, consideraranse unha mera redistribución do número de alumnado discapacitado que se despraza ao abeiro deste convenio de colaboración cando os importes económicos derivados das devanditas altas e baixas sexan susceptibles de compensación, de forma que se respecte o importe máximo establecido na cláusula sexta como achega da consellería para o curso escolar 2016/2017.

A devandita redistribución instrumentalizarase mediante a actualización automática do anexo que acompaña ao convenio orixinal, ou ás súas addendas sucesivas, para que recolla en todo momento as necesidades que se están a satisfacer ao abeiro deste convenio de colaboración.

Sexta. A consellería colaborará coa entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L cunha achega máxima de 38.950,38 € (14.992,32 € no ano 2016 e 23.958,06 € no ano 2017), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 10.10.423A.223.08 dos orzamentos xerais de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2016 e 2017.

Sétima. Mensualmente a entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L percibirá as compensacións sinaladas na cláusula cuarta, previa xustificación da execución das actividades de colaboración obxecto deste convenio. Para estes efectos, a entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L facturaralle á consellería os traslados realizados e a persoa titular da Xefatura de Servizo de Recursos Educativos Complementarios da Xefatura Territorial da Coruña, certificará, co visto e praxe do xefe territorial, que as ditas actividades cumpren os termos do convenio, especificando o nome dos alumnos e alumnas





XUNTA DE GALICIA

atendidos, o número de días que utilizaron o servizo, e as cantidades parciais e total do período de utilización do transporte adaptado.

Oitava. A comisión de seguimento do convenio, presidida pola persoa titular da Xefatura de Servizo de Recursos Educativos Complementarios da Xefatura Territorial da Coruña (ou persoa en quen delegue) e formada por dúas persoas representantes da entidade I-Lab Centro Especial de Empleo S.L e outra máis da Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, establecerá o número de alumnado, os itinerarios e os horarios do transporte adaptado.

A dita comisión de seguimento resolverá as dúbidas e as discrepancias que xurdan na aplicación do presente convenio.

Novena. A sinatura deste convenio non implicará relación laboral ou de natureza similar entre as persoas que vaian desenvolver as accións previstas nel e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

Décima. No caso de lagoas ou dúbidas que xurdan na aplicación do convenio será de aplicación o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

O convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Undécima. As cuestións litixiosas que xurdan no desenvolvemento deste convenio, serán resoltas pola xurisdición contencioso—administrativa.



XUNTA DE GALICIA

Duodécima. Este convenio estará vixente, ao longo do curso escolar 2016-2017, dende o 12 de setembro de 2016 ata o 23 de xuño de 2017 (ámbalas dúas datas inclusivas), agás no suposto de que sexa denunciado por algunha das partes, por incumprimento das obrigas que nel se recoñecen.

Non obstante, poderase prorrogar por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio


Décimo terceira. Os asinantes deste convenio, manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais, e mailo resto das especificacións contidas na mesma poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, de acordo co artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno.

Décimo cuarta. Ao obxecto de garantir o cumprimento do artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección a infancia e á adolescencia I-Lab Centro Especial de Empleo S.L comprométese a dar debido cumprimento ao mandato legal no sentido de esixir a todo o seu persoal contratado en contacto con menores a oportuna acreditación de non ter sido condenado en sentenza firme por delitos sexuais.

Estando conformes co estipulado, asínase o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data mencionados ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Román Rodríguez González



O administrador de I-Lab Centro Especial de Empleo S.L

Francisco Javier Mouriño Grandío